FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO
E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfno: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE

TB TECNI SYSTEM BROKER
CORREDURIA DE SEGUROS, S.L.
HDI AIG
DEPORTE GALEGO
galicia
XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

CAMPIONATO DE GALICIA RALLYES 2017

3ª COPA INICIACIÓN RECALVI 2017

CAMPIONATO DE GALICIA

D. Juan C. Castro / D.Jose A. Sanchez

COMUNICADO Nº 066 /17
21 de marzo de 2017

Recalvi
RMO PARTS.com

FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO
E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfno: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE

Artigo 1.- ORGANIZACIÓN:
"RECALVI, S.L.", "RMO Parts", e a Federación Galega de Automobilismo organizan para o ano 2017 a 3ª COPA INICIACIÓN RECALVI 2017. O presente regulamento complementarase co Anuario de Galicia 2017, da Federación Galega de Automobilismo, nos apartados que non figuren neste documento.

Artigo 2.- PARTICIPANTES:
A) Licenzas: Posuilas licenzas dacordo co Anexo I do Anuario da F.G. de A. que habilite o concursante, piloto, copiloto, e asistencia que permitan participar nas probas indicadas no art. 5.
B) Tódolos gañadores das Fórmulas de Promoción, de tempadas anteriores, poden volver a participar nas mesmas, puntuando e optando ós premios en metálico.
C) Os pilotos que se inscriban nunha Fórmula de Promoción, dos Campionatos de Galicia, por especialidade e tempada non poderán mudar de Copa, Trofeo, Reto, ou Challenge ata a tempada seguinte
D) "RECALVI, S.L.", "RMO Parts", e a Federación Galega de Automobilismo resérvanse o dereito a rexeitar calquera inscrición á **2ª COPA INICIACIÓN RECALVI 2017** sen ter que xustificalo.
E) O número máximo de participantes por proba queda fixado en vinte (20).

Artigo 3.- VEHÍCULOS ADMITIDOS:
Os vehículos admitidos serán exclusivamente da marca Seat, modelo Marbella, preparados na súa totalidade por /RMO Parts.
O vehículo deberá axustarse á normativa F.G.A., para o Grupo X, á Ficha de Homologación Nº5358 en base ao Regulamento Técnico da **3ª COPA INICIACIÓN RECALVI 2017** publicado pola empresa RMO Parts, e aprobado pola "Federación Galega de Automobilismo".

Artigo 4.- INSCRICIÓNS:
Tódolos interesados en inscribirse na **3ª COPA INICIACIÓN RECALVI 2017** deberán facelo enviando a folla de inscrición "online" en www.fga.es.

FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO
Ctra. de Vigo, 43 - Baixo · O PINO • 32001 Ourense
Fax: 988 271 461
fga@fga.es e a RMO Parts (info@rmoparts.com).

Nun prazo non inferior a 7 días antes da celebración da primeira proba na que desexe participar.
Establécese un prezo de 95€ en concepto de inscrición á 3ª Copa Iniciación Recalvi, para poder optar ós puntos e premios da mesma.
O prazo para facer o pago terminará o venres 2 de Xuño. No caso de que algún piloto non efectuase o citado pago antes desa data, cancelarase o seu resultado no 33º RaliNoia (si participou no mesmo).
O ingreso farase no seguinte número de conta: **ES92 3058 6601 1927 2000 6815 - CAJAMAR**, e remitirase unha copia do xustificante bancario a info@rmoparts.com.
Os participantes, ou **"equipos** , deberán enviala solicitude de inscrición na copa unha vez aprobada.

Aclaración a interpretación de "equipo".
A inscrición terase que facer a nome de empresa comercial, nunca a nome de persoa física, e poderán participar no **"equipo"** ata un máximo de seis pilotos, e seis copilotos; sempre con inscrición, e aceptación, da Federación Galega de Automobilismo a través da correspondente folla de inscrición, que terase que presentar como mínimo sete días antes da proba na que se pretenda participar. Ó final da tempada o premio acadado será para o **"equipo"**, e os premios por proba transfiriranse ó piloto coa correspondente retención.
O piloto, e copiloto, que se inscriban nun **"equipo"** non poden mudar durante a tempada, inclusive quedan vetados para inscribirse individualmente. Nunca poden participar na mesma proba dous pilotos, copilotos, dun **"equipo"**.
No caso de que un equipo inscrito na Copa, non puidese tomala saída nunha proba por causa de forza maior, deberá comunicalo por escrito de maneira razoada á RMO Parts .

Artigo 5.- PROBAS:
Para a **3ª COPA INICIACIÓN RECALVI 2017**, serán validos as seis probas do Campionato de Rallyes, que son puntuables para os Campionatos Autonómicos de Galicia, debidamente aprobados pola Federación Galega de Automobilismo.

RALLYES			2017
DATA	**PROBA**	**ESCUDERÍA**	**COEF.**
01/02-04-2017	33º RALLYE RÍA DE NOIA	BERBERECHO	7
17/18-06-2017	30º RALLYE CIDADE DE NARÓN	SIROCO NARON	8
08/09-07-2017	14º RALLYE SUR DO CONDADO	SURCO	8
23/24-09-2017	6º RALLYE OURENSE-RIBEIRA SACRA	LUINTRA	7
28/29-10-2017	39º RALLYE SAN FROILAN	MIÑO-LUGO	8
02/03-12-2017	1º RALLYE RIA DE VIGO	MIXRALLYESPORT	7

Artigo 6.- PREMIOS:
A) En cada unha das probas puntuables para a **3ª COPA INICIACIÓN RECALVI 2017** otorgaranse os premios segundo a seguinte táboa:

PREMIOS POR PROBA	
6 RALLYES	
1º	700 € e 1 pneumático
2º	550 €
3º	400 €
4º	250 €
5º	150 €

PREMIOS FINAIS SCRATCH

VENCEDOR PILOTOS	TROFEO DE BRONCE + reloxo
VENCEDOR COPILOTOS	TROFEO DE BRONCE + reloxo
SUBCAMPIÓN PILOTOS	TROFEO DE BRONCE
SUBCAMPIÓN COPILOTOS	TROFEO DE BRONCE

Tódolos premios deste apartado serán abonados por "RECALVI, S.L.", e "RMO Parts" á Federación Galega de Automobilismo, e ésta abonaraos ós equipos. Os mesmos están afectados, no seu caso, pola retención vixente aplicada polo Ministerio de Facenda a conta do IRPF.

Artigo 7.- PUNTUACIÓNS:
En cada unha das probas puntuables para a **3ª COPA INICIACIÓN RECALVI 2017**, outorgaranse os seguintes puntos segundo o posto e coeficiente da proba:

PUNTUACIÓN POR PROBA			
CLASIFICACIÓN 2ª COPA INICIACIÓN RECALVI 2017 (C)			
1º	30 PUNTOS	9º	8 PUNTOS
2º	25 PUNTOS	10º	6 PUNTOS
3º	20 PUNTOS	11º	5 PUNTOS
4º	18 PUNTOS	12º	4 PUNTOS
5º	16 PUNTOS	13º	3 PUNTOS
6º	14 PUNTOS	14º	2 PUNTOS
7º	12 PUNTOS	15º	1 PUNTO
8º	10 PUNTOS		

Os puntos P acadados na proba obteranse pola seguinte formula: P= K *C, sendo (K) o coeficiente da

proba multiplicado por (C) os puntos obtidos nas clasificacións da **3ª COPA INICIACIÓN RECALVI 2017**. A clasificación final da **3ª COPA INICIACIÓN RECALVI 2017** será establecida entre aqueles pilotos e copilotos que participasen nun número de probas igual á metade das probas celebradas máis unha. Para a clasificación final sumaranse as puntuacións acadadas en tódalas probas celebradas menos unha.

Artigo 8.- PUBLICIDADE:
Disposición da publicidade nos vehículos.

Baixo ningún concepto estará permitido recorta-la publicidade nin tapa-la parcialmente. O incumprimento implicará a perda dos puntos e premios da proba de referencia. A reiteración do antedito implicará a descalificación a tódolos efectos da **3ª COPA INICIACIÓN RECALVI 2017**. O parasol dianteiro ten que portarse en exclusiva o da **3ª COPA INICIACIÓN RECALVI 2017**, sopena de exclusión.
No caso de necesitar unidades adicionales de adhesivos laterais do vehículo ó longo da tempada, xa sexa por accidente ou polo motivo que sexa, terá un prezo de 40€/ud.

Artigo 9.- COMISARIO DE SEGUIMENTO:
O Comité organizador nomeará a unha persoa, a cal estará debidamente acreditada e identificada, para facelo seguimento de todo o concernente o bo desenrolo da copa, nas verificacións técnicas de cada rallye, así como das pegadas e do escrupuloso cumprimento do regulamento técnico.

Artigo 10.- MODIFICACIÓNS Ó REGULAMENTO:
Calquera modificación que puidera xurdir unha vez publicado ó presente regulamento, así como calquera cambio no calendario de probas, comunicarase ós inscritos mediante un complemento, e coa publicación na páxina de Internet (http://www.fga.es).

Artigo 11.- REGULAMENTO TÉCNICO:
A cada participante inscrito na **3ª COPA INICIACIÓN RECALVI 2017** entregaráse un Reglamento Técnico, con especial incidencia no Artigo 3, debendo ser respectado na súa integridade.
TODO O QUE NON ESTEA EXPRESAMENTE AUTORIZADO NO DEVANDITO REGULAMENTO E NOS SEUS ANEXOS, ESTÁ PROHIBIDO (Exclusión).
O vehículo novo entregarase co Kit de Competición, o cal será mantido na súa totalidade, sen substituír ou modificar os elementos que o compoñen, salvo aqueles puntos que permita o Regulamento Técnico e os seus Anexos oficiais.
A organización precintará o motor, culata, cárter e caixa de cambios en todolos coches que participen na **3ª COPA INICIACIÓN RECALVI 2017**.
En caso de calquera avaría ou reparación nos órganos anteriormente citados, que supoña romper calquera dos precintos, o participante deberá poñerse en contacto con RMO Parts da **3ª COPA INICIACIÓN RECALVI 2017**, a cal lle comunicará as instrucións para seguir.
Todo vehículo deberá presentar un aspecto impecable de chapa e pintura nas verificacións técnicas previas a cada rallye puntuable.
A marca, modelo, características, e número dos pneumáticos para utilizar na **3ª COPA INICIACIÓN RECALVI 2017** especifícase no Regulamento Técnico, ou comunicado publicado ao efecto en www.fga.es.

Artigo 12.- VERIFICACIÓNS TÉCNICAS:
Antes de cada proba, o/os Comisario/s Técnico/s da **3ª COPA INICIACIÓN RECALVI 2017** poderán verificar os precintos e todo o vehículo en xeral, así como efectuar a marcaxe de pneumáticos. Estas verificacións, se se convocan, serán independentes das verificacións do rallye que se vaia a celebrar, e serán obrigatorias para todolos pilotos inscritos na proba. Calquera infracción ao regulamento técnico ou deportivo, ou a non presencia dalgún dos precintos, ou do seu irregular estado, nas verificacións dunha proba, suporá unha sanción para o piloto, ou equipo, e/ou a non autorización a tomala saída nese rallye, dentro da **3ª COPA INICIACIÓN RECALVI 2017**, o que será comunicado á Federación por se houbera lugar a apertura de expediente polo Tribunal Galego de Apelación.
O horario e lugar destas verificacións comunicaranse aos participantes a través de correo electrónico. O horario establecido para tales verificacións, deberá ser respectado. A non presenza nestas verificacións previas **3ª COPA INICIACIÓN RECALVI 2017**, e será comunicado expresante á Secretaría da Federación Galega de Automobilismo.
Os Comisarios Deportivos do Rallye, poderán ordenar unha verificación en calquera momento do desenvolvemento da proba, para comprobar o correcto cumprimento do Regulamento Técnico.
As Verificacións Técnicas de Oficio, despois ou durante o transcurso dunha proba, así como os que se efectúen por reclamación doutro concursante, serán realizadas polos Comisarios Técnicos da proba, dentro dos que estará incluído o Comisario Técnico permanente da **3ª COPA INICIACIÓN RECALVI 2017**.
Ao piloto, ou equipo, cuxo coche sexa obxecto de verificación a instancias dos Comisarios Deportivos, poderáselle esixir ben que este sexa desmontado polos seus mecánicos, ou que proporcione algunha peza que se crea necesario verificar.
O piloto, ou equipo, que non facilite ou autorice a verificación técnica do seu vehículo, será sancionado coa exclusión da proba e apertura de expediente disciplinario polo Tribunal Galego de Apelación.
En caso de exclusión, por motivos técnicos, perderanse todolos puntos obtidos na proba, e sancionarase coa perda de 20 puntos, que serán descontados da Clasificación Final.
Todo piloto, ou equipo, deberá cerciorarse, antes de abandonar o Parque Pechado final, se o seu vehículo foi seleccionado para ser verificado. En caso afirmativo, este deberá permanecer xunto ao mesmo ata que sexa iniciada a verificación. A partir dese momento e durante o transcurso da verificación, o concursante ou persoa en que delegue por escrito, deberá estar presente na mesma. O incumprimento desta norma non interromperá o proceso de verificación. Así mesmo, lémbrase que corresponde ao concursante prestar a debida colaboración para ser informado de calquera citación, resolución, ou convocatoria realizada polos Oficiais da proba no desenvolvemento da mesma, ou comisarios de RMO Parts.
Todo piloto inscrito na **3ª COPA INICIACIÓN RECALVI 2017** acepta sen reservas nin condicións o ditame técnico que sobre o seu vehículo emitan os Comisarios Técnicos, con conformidade dos Comisarios

Deportivos e só pode apelar ao Tribunal Galego de Apelación, e en última instancia ao Comité Galego de Xustiza Deportiva, da Xunta de Galicia.

Artigo 13.- APLICACIONS DO REGULAMENTO:
Polo mero feito de asinar o boletín de inscrición da **3ª COPA INICIACIÓN RECALVI 2017**, o participante comprométese a aceptar e acatar o anuario da Federación Galega de Automobilismo 2017.
Os casos que non estean previstos neste regulamento, así como as dúbidas da súa interpretación ou aplicación, serán resoltos polos órganos de goberno da Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 14.- SANCIÓNS:
O Comité Organizador da **3ª COPA INICIACIÓN RECALVI 2017** rexerase polo Anuario 2017, o presente regulamento, os seus complementos, e polas decisións do Tribunal Galego de Apelación e o Comité Galego de Xustiza Deportiva.
Infracción ao Regulamento Técnico da **3ª COPA INICIACIÓN RECALVI 2017***:*
O comité organizador resérvase o dereito de poder aplicar as seguintes sancións en función da gravidade da infracción:
1.- Exclusión da COPA INICIACIÓN.
2.- Retirada dos puntos obtidos, e dos premios en metálico con perda de 20 puntos que serán descontados da Clasificación final do certame, a tódolos efectos.
3.- A reincidencia dunha sanción técnica implica a exclusión da **3ª COPA INICIACIÓN RECALVI 2017**, para todos os efectos.
4.- Prohibición de participación en tempada, ou tempadas vindeiras, na **3ª COPA INICIACIÓN RECALVI 2017**.

REGULAMENTO TÉCNICO

ARTIGO 1.- Definición: A **3ª COPA INICIACIÓN RECALVI 2017** está reservada exclusivamente aos vehículos, modelo SEAT MARBELLA,construídos por para a citada competición, e revisados por RMO Parts.O vehículo deberá axustarse á normativa F.G.A., para o Grupo X, á Ficha de Homologación Nº 5358 e ao Regulamento Técnico da **3ª COPA INICIACIÓN RECALVI 2017**.
Sempre será de aplicación a norma máis restritiva das contempladas na documentación citada. Só se permitirá a participación dos novos vehículos que o organizador dispoña, ata un total máximo de 20 vehículos. Toda referencia a pezas "de serie" quere dicir: pezas de orixe de SEAT MARBELLA (VO) .

ARTIGO 2. Kit de Competición: RMO Parts, proporcionará o coche de competición listo para competir cun Kit de Competición que incluirá:
.- Arco de seguridade multipunto VIMESA de atornillar á carrocería homologado pola FIA
.- Barra inferior de suspensión
.- Barra superior de suspensión
.- 2 Asientos GP Race Prol Lixeiro FIA
.- 2 Soportes de suxeición lateral para asento RRS Acier 3mm
.- 2 Arneses de Seguridade GP Race 6p. azuis
.- 4 argolas de suxeición de arnés
.- Extintor manual RRS6KG de extinción de po ABC
.- Curta-corrente manual RRS
.- Peches de capo dianteiro tipo Americano RRS
.- Peches de portón traseiro tipo Peirao RRS
.- Pomo panca de velocidades RRS
.- Kit tacos teflón brazos de suspensión
.- Colectores, liña de escape e silencioso modificado VIMESA
.- Kit de embrague
.- Kit de suspensión JORGE AMORTECEDORES completa, con amortiguadores e peiraos

.- Paneis traseiros interiores de aluminio
.- Repousapés de copiloto
.- Repousapés de piloto
.- Pedais de aluminio
.- Volante deportivo de 3 brazos GP Race
.- Adaptador de volante
.- Filme antideflagrante para cristais laterais
.- Martillocortacintos (x2)
.- Latiguillos de freno metálicos RMOParts

Kit Opcional Competición:
.- Cubrecarteraluminio (150€)
.- Grella faros longo alcance Capot (350€)
.- Parella faros cuneteros (175€)
.- Espárragos de roda de 12 x 1.50 e as correspondentes porcas (65€)
.- Autorízase furar o cubre carter, con fin de reducir peso, a condición de que o cubre carter sexa o orixinal de - RMO Parts.

ARTIGO 3. Precintos: Todos os vehículos deben presentar en todo momento os precintos (sen alterar ou manipular) previamente instalados por RMO Parts nos seguintes elementos:
.- Culata
.- Cárter
.- Caixa de cambios
A ausencia dalgún dos precintos ou a súa manipulación será comprobado, nas verificacións de cada proba, e supoñerá automaticamente a descalificación do piloto da **3ª COPA INICIACIÓN RECALVI 2017**.
Se un participante necesitase realizar calquera reparación que supoñan un cambio de precinto, deberá poñerse previamente en contacto con RMO Parts, quen lle comunicará as instruccións para seguir. Un precinto roto ou danado, aínda que sexa por desgaste natural das pezas, será considerado como unha irregularidade técnica e comportará as sancións previstas no Regulamento Deportivo. O piloto é o único responsable do estado dos precintos, e o comisario de RMO Parts o que interprete a gravidade ou a sanción a impoñer.

ARTIGO 4. Peso: O peso do vehículo non poderá ser inferior ao 750 Kg,coa gasolina mínima na verificación, ao que se sumase o peso mínimo de 150 Kg en orde de marcha (piloto,copiloto,cascos...) coa gasolina mínima, no caso de que fose necesaria. Este peso poderá ser verificado en calquera momento da proba e nas condicións en que se atope nese momento o vehículo

ARTIGO 5. Motor: O motor debe de ser de serie cos precintos que se entregan. Calquera intervención ou modificación nas características do motor está prohibido. Os únicos autorizados a intervir sobre o motor son os técnicos que designe RMO Parts. Se por calquera motivo, un motor non mantivese os seus precintos, deberá ser enviado aos técnicos que designe RMO Parts para a súa revisión e precintaxe.
Os custos ocasionados por este traballo serán a conta do concursante.
.- Deberase manter o elemento do filtro de aire de serie
.- Autorízase a eliminación da palomilla plástica do sistema de admisión
.- Autorízase a substitución dos tacos do motor de serie, por outros máis robustos
.- Autorízase retirar a tapa de balancines para a regulación das válvulas
.- Terase que instalar un recuperador de aceite adaptado.

ARTIGO 6. Central Electrónica: Está permitida calquera modificación ou alteración da central electrónica que se entrega co coche. Non a súa substitución.

ARTIGO 7. Instalación Eléctrica: Debe manterse de serie. Calquera modificación está prohibida.

Autorízase a substitución das lámpadas do vehículo por outras de maior potencia ou calidade pero de igual modelo, e sen que esta operación implique a modificación da instalación eléctrica.

.- Autorízase a montaxe dunha instalación eléctrica suplementaria para a rampla de faros adicionais (Grella de Faros longo alcance, parella de faros cuneteros), e outra para o accionamiento manual do electro ventilador.

.- Autorízase a instalación de reloxos de instrumentación adicionais no cadro de mandos (Reloxo temperatura aceite, contarerrevolucións, presión de aceite...)

.- Autorízase a substitución das lámpadas de serie e da instalación de relés.

.- Autorízase a instalación de faros de Xenón, na grella supletoria ou led.

.- Autorízase poñer directo o electro ventilador mediante un interruptor.

ARTIGO 8. Transmisión: A caixa de cambios será a de serie, de maneira opcinal e voluntaria poderase solicitar a instalación dun grupo corto a RMO Parts.
Calquera intervención e/ou modificación da mesma está prohibida. Para a reparación ou revisión das caixas de cambio deben enviarse a RMO Parts.
.-Autorízase a instalación dun QUICK-SHIFT e a supresión do taco de goma da varilla da caixa de cambios.

ARTIGO 9. Cadea de Distribución: Non está autorizado substituír a cadea de distribución por outra distinta ás orixinais de fábrica, variar o grao de tensión, o tipo de tensores, ou a posición orixinal dos eixos de levas e cigüeñal. Os oficiais da proba poderán comprobar e verificar en calquera momento esta circunstancia.

ARTIGO 10. Encendido: É libre a marca e o tipo buxías.

ARTIGO 11. Escape: É obrigatorio manter o conxunto de escape entregado co Kit sen ningún tipo de modificación. Calquera substitución do escape debe de ser feita con pezas do Kit orixinal adquiridas a RMO Parts.

ARTIGO 12. Suspensións: Peiraos: Débense manter os provistos co Kit de competición inicial sen ningún tipo de modificación ás súas características.
Amortiguadores: Deben utilizarse os que se entregan co Kit de competición inicial sen ningún tipo de modificación. Para a reparación ou revisión dos amortiguadores, obrigatoriamente deben enviarse a RMO Parts.
Barra estabilizadora: Autorízase a instalación dunha barra estabilizadora proveniente do modelo Seat Terra.
Caídas: O ángulo de caída da suspensión dianteira é libre.
Ancho de vías: O ancho máximo de vías permitido é o estipulado na Ficha de Homologación (1460mm 1445 mm diante e atrás respectivamente).
Tren Traseiro: As pezas eventualmente deformadas, despois dun golpe ou accidente, deberán ser substituídas. A caída e o paralelismo é libre.
Autorízase cambiar as ballestas traseiras por outras de maior/menor dureza.
Autorízase modificar a altura da carrocería, modificando o taco de teflón das ballestas traseiras.
Autorízase o uso de separadores de ata 20mm de máximo.

ARTIGO 13. Lamias: Deberanse utilizar obrigatoriamente as lamias de serie do Seat Marbella.

ARTIGO 14. Freos: O sistema de freos debe ser o de serie sen ningún tipo de modificacións, salvo os cambios autorizados (pastillas de freo, latiguillos metálicos) e tal como entrégase montado. As pastillas de freo dianteiro deberán ser as da marca Galfer modelo 1934800/R, marcadas co logo de RMO Parts.

ARTIGO 15. Carrocería: Toda modificación no chasis e nos elementos da carrocería está prohibida, excepto o expresamente autorizado. Non se permite reforzar os puntos de soldadura por cordóns de soldadura "Tig" ou "Mig". As eventuais reparacións de carrocería deberán ser efectuadas por

enderezamiento ou substitución dos elementos deformados por outros de serie.
As reparacións de carrocería que afecten o arco de seguridade deben realizarse obrigatoriamente en RMO Parts, ou ben solicitar un arco de seguridade novo a RMO Parts.
Os elementos de carrocería deberán estar sempre en perfecto estado. As pezas eventualmente gastadas ou deformadas por rozamentos ou choques deben substituírse.

ARTIGO 16. Modificacións permitidas:

A. HABITÁCULO: Permítense as seguintes modificacións:

.- Instalación dun ou varios flexos de copiloto
.- Instalación de interruptores e accesorios para rampla de faros adicionais e faros cuneteros adquiridos a
.- Instalación de soportes para lapis, carné de ruta ou calquera accesorio para as funcións do copiloto.
.- Instalación de “camelback” ou bidóns para bebidas isotónicas.
.- Instalación de porta-cascos
.- Instalación para emisora de radio ou teléfono móbil
.- Instalación de soportes para chave de rodas ou pistola de impacto.
.- Poderá levar gato adaptado aos borriquetes da carrocería
.- Instalación ancoraxe roda de reposto
.- Autorízase modificar a posición/ altura da cana da dirección do vehículo.
.- Autorízase a instalación de apéndices tubulares para elevar (borriquetas) e manter o vehículo no alto nas asistencias.(Prohíbese reforzar a carrocería para a reforma)

B. CARROCERIA: Permítense as seguintes modificacións:

.- A cor da carrocería é libre
.- Instalación de faldillas garda-barros.
.- Instalación de antena para emisora de radio ou teléfono móbil.
.- Instalar unha argola de remolque
.- A modificación e reforzo dos soportes do escape á parte inferior da carrocería do vehículo, sempre que se respecte o número e a localización orixinal dos mesmos.
.- Protección das tubaxes de freo e gasolina que se atopan nos baixos do vehículo. (Non está permitida a substitución por outras diferentes ás fornecidas no kit)
.- Poderanse soldar unhas placas de reforzo baixo a carrocería, detrás do paso de roda dianteiro ou diante do paso de roda traseiro, para evitar deformacións dos traveseiros cando se levante o coche co gato de taller. Así mesmo, nos mesmos puntos, pódense engadir por soldadura unha peza de tipo tubo cilíndrico para poder manter elevado o vehículo nas zonas de asistencia mediante os útiles laterais (caballetes laterais)
.- Instalación de protección inferior de motor
.- Autorízase a reforzar os soportes dos brazos de suspensión
.- Autorízase a soldar ao arco de seguridade unha barra adicional na zona das portas do vehículo co fin de completar unha X.

C. FREOS: Permítense as seguintes modificacións:

.- Substituír o líquido de freos. A marca é libre.
.- Suprimir o gatillo/trinquete do freo de man
.- Modificar a posición da panca do freo de man, mantendo sempre o sistema de cables.(Autorízase a utilización de cables máis longos)

ARTIGO 17. Pneumáticos: É obrigatorio para todos os Participantes na **3ª COPA INICIACIÓN RECALVI 2017** a utilización dos pneumáticos fornecidos por RMO Parts, nas medidas 155/65/ R13 de uso homologado para rúa e as novas M+S. Ditos pneumáticos, marca e modelo, serán publicados nun complemento en www.fga.es. **Dispoñerase de dous compostos de pneumáticos, estándar e de contacto. Non se establece limitación dos pneumáticos por carreira con libedade de utilizar uns, ou outros**. Os pneumáticos serán marcados no momento de ser fornecidos por RMO Parts, para garantir que

son os fornecidos polo organizador da **3ª COPA INICIACIÓN RECALVI 2017**. Está expresamente prohibido efectuar calquera modificación ou alteración (torneado ou tallado) na banda de rodaxe e nos flancos. A profundidade mínima do debuxo da banda de rodaxe dos pneumáticos será dun con seis milímetros (1,6 mm) coincidente coas marcas que o fabricante fixa por medio das testemuñas de desgaste. A utilización de mantas quentadoras ou calquera outro medio de quecemento de pneumáticos están prohibidos. A roda de recambio deberá ter montado un pneumático dos autorizados, para poder facer uso do mesmo durante a proba (Ten que ser igual os da monta). Obrigatoriamente ten que levar roda de recambio no habitáculo do vehículo. Autorízase a utilización dun gato, de libre elección, así como levar unha pistola de aperte automático no vehículo.

ARTIGO 18. Combustible: Autorízase a utilización de calquera tipo de carburante comercial. Está prohibido variar a presión de gasolina, que poderá ser verificada ou comprobada en calquera momento a requirimento dos oficiais correspondentes da proba.

ARTIGO 19. Lubricantes: O uso da marca de lubricante é libre, aínda que RMO Parts, recomenda o uso de aceite MILLERS CSS20W60 (12,36€/litro).

ARTIGO 20. Seguridade: O vehículo debe ir equipado con todos os dispositivos para cumprir coas normas impostas polo Anuario da Federación Galega de Automobilismo.

ARTIGO 21. Interpretación do Regulamento: Como regra xeral, TODO O QUE NON ESTÁ AUTORIZADO ESTÁ PROHIBIDO, aínda que a modificación ou substitución da peza ou do sistema que sexa, non mellore as prestacións do vehículo. Calquera infracción a este Regulamento suporá a **exclusión** da proba na que estea a participar o infractor, e a perda de 20 puntos que serán descontados da Clasificación Final do certame. A reincidencia suporá a **expulsión** da **3ª COPA INICIACIÓN RECALVI 2017**, e as sancións que determine o Comité Organizador, a Federación Galega de Automobilismo, ou ó Tribunal Galego de Apelación.
Calquera proposta de modificación no vehículo, deberá ser consultada ó organizador. A resposta a esta consulta será enviada a tódolos participantes da copa, sexa favorable ou non, para que estén ó corriente das posibles opcións.

ARTIGO 22. Publicidade nos vehículos de competición: A publicidade obrigatoria a colocar nos vehículos de competición será entregada por RMO Parts, o inicio da tempada, co esquema da colocación. O resto de carrocería do coche será de uso libre para a publicidade dos participantes na copa. A organización resérvase o dereito para publicar calquera anexo a este regulamento técnico antes do inicio, ou durante a tempada, da **3ª COPA INICIACIÓN RECALVI 2017**.

COMISIÓN DAS FÓRMULAS DE PROMOCIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO